



RESUMO DOS CAMBIOS APROBADOS NOS REGULAMENTOS DA FGVB

REGULAMENTO DA ENCONTROS E COMPETICIONS

Modificacións aprobadas:

- **Art. 6:** Modificar a hora límite para a comunicación do horario e lugar de xogo dos encontros da xornada, ampliando ata o mércores ás 08:00.
- **Art. 20:** Modificar o número máximo de xogadores que cada equipo poderá inscribir na acta, fixándoo en 14 incluídos os líberos.
- **Art. 21:** Modificar a numeración nos uniformes, ampliando ata 22, especificando as características das mesmas en canto a tamaño e posición.
- **Art. 24.4:** Modificar a numeración dos cartóns de cambio, elevando ata 22.
- **Art. 27. 2:** Modificación dos horarios das xornadas de xogo, acurtando os horarios de tarde de infantil e cadete.
- **Art. 46.2:** Modificación do número de altas de licencias que se poden tramitar durante a temporada fixándoa nun máximo de 18.

REGULAMENTO XERAL

Modificacións aprobadas:

- **Art. 3:** modificar que a conta de correo electrónico para contacto cos clubs será única.

REGULAMENTO DA ESCOLA GALEGA DE ADESTRADORES

Modificacións aprobadas:

- **Art. 17.1:** Modificación da idade mínima para a obtención do título de Adestrador de Minivolei.
- **Art. 17.2:** Modificación da idade mínima para a obtención do Nivel I.

REGULAMENTO DISCIPLINARIO

Modificacións aprobadas:

- **Art. 52:** Modificación da sanción por retirada por dirixir un encontro baixo os efectos do alcohol, drogas, ou calquera sustancia estimulante.
- **Art. 53:** Modificación da sanción pola manipulación maliciosa da acta de xogo, a non comparecencia a un encontro sen xustificación, e a falta de informe cando o Comité o solicite.



- **Art. 54:** Modificación da sanción o incumprimento de funcións de forma falsa, incluída a designación, entre outros.
- **Art. 56:** Modificación da sanción por rexeitar por terceira vez unha designación sen motivo xustificado.
- **Art. 62.3:** Modificación da sanción por non comparecencia sen xustificación de un equipo.
- **Art. 65.1:** Modificación da sanción por retirada do equipo unha vez inscrito.
- **Art. 65.3:** Modificación da sanción da retirada antes da publicación dos calendarios engadindo a opción a participar pero cunha multa económica.

REGULAMENTO DE XOGO ALEVIN

Modificacións aprobadas:

- **Art. 4.1:** Modificación da numeración para que sexa do 1 ao 22.
- **Art. 7:** Modificación para desenrolar o sistema de competición e puntuación.

REGULAMENTO DE XOGO BENXAMIN

Modificacións aprobadas:

- **Art. 4.1:** Modificación da numeración para que sexa do 1 ao 22.
- **Art. 9.5:** Modificación limitando a tres o número de saques permitido a cada xogador por quenda de saque.
- **Art. 9.10:** Modificación permitindo devolver o balón directamente ao campo contrario no primeiro toque de equipo de man baixa pero non de dedos.